




GR/MMA



Asunto: Informe técnico de valoración dos criterios subxectivos que dependen dun xuízo de valor das ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos no Concello de Silleda.

Vista a solicitude presentada polo Concello de Silleda sobre o asunto arriba indicado, adxunto remítolle o informe emitido ao respecto pola técnico de medio ambiente da Deputación Provincial de Pontevedra no exercicio das competencias provinciais de asistencia e cooperación técnica aos Concellos recollidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 109 e 115 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Pontevedra, 14 de outubro de 2016.
A PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

María del Carmen Silva Rego



Concello de Silleda.
Rúa do Trasdeza nº 55.
36540 Silleda.

**INFORME DE VALORACIÓN
CORRESPONDENTE AO SOBRE "B" CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN QUE DEPENDEN DUN
XUIZO DE VALOR**

**CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO
CONCELLO DE SILLEDA**

1.- INTRODUCCIÓN

O obxecto deste informe é valorar os criterios subxectivos que dependen dun xuízo de valor das ofertas que os licitadores presentaron no procedemento aberto para ofrecer o servizo de recollida dos residuos municipais da fracción resto (residuos mesturados) e dos residuos de envases e embalaxes no concello de Silleda.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP) plantexa os seguintes criterios subxectivos que dependen de xuízo de valor:

<i>Planificación da explotación do servizo (rutas, frecuencias, lavado, contedores, persoal, etc)</i>	<i>20 puntos</i>
<i>Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados</i>	<i>5 puntos</i>
<i>Melloras propostas</i>	<i>5 puntos</i>
<i>Instalación fixas e infraestruturas ofertadas</i>	<i>5 puntos</i>
<i>Programa de motivación social cidadá</i>	<i>3 puntos</i>
<i>Implantación dun sistema de calidade da prestación</i>	<i>1 puntos</i>
TOTAL PUNTUACIÓN TÉCNICA:	39 puntos

As empresas licitadoras que se presentaron ao procedemento aberto obxecto do presente informe técnico son as seguintes:

- ▶ Servizos dos Concellos Galegos S.L.U.
- ▶ Soil Recovery, S.L.
- ▶ Urbaser, S.A.

2.- DETALLE PORMENORIZADO

A continuación preséntanse, de modo detallado, as valoracións das ofertas presentadas polos licitadores realizadas atendendo a cada un dos criterios baseados en xuízos de valor definidos no PCAP.

CRITERIOS SUBXECTIVOS QUE DEPENDEN DUN XUIZO DE VALOR

2.1.- Planificación da explotación do servizo (rutas, frecuencias, lavado, contedores, persoal, etc. (máximo 20 puntos)

O obxecto deste criterio é valorar a metodoloxía para a execución dos traballos, o dimensionamento das rutas, frecuencias de recollida e número de contedores, a relación dos medios humanos e materiais, o plan de lavado e mantemento de contedores etc... de acordo co disposto nos pregos de prescricións técnicas.

Cada prestación ofertada debe estar correctamente detallada, indicando os medios materiais e maquinaria que inclúe para cada unha das rutas deseñadas, os días de recollida, así como o persoal e xornadas de traballo definidas.

Tal e como especifica o prego de condicións técnicas, a recollida farase atendendo á disposición xeográfica de dúas zonas:

- núcleos de Silleda e Bandeira e zonas intermedias (Núcleos), con recollida lateral (CL) para as dúas fraccións, resto e envases e embalaxes.
- resto de parroquias (Rural), con recollida traseira (CT) para as dúas fraccións, resto e envases e embalaxes.

Os licitadores poderán propoñer cambio de recollida traseira a carga lateral naquelas zonas que estimen oportunas, considerándose este cambio como unha mellora.

2.1.1.- Dimensionamento da contenerización:

O anexo I do prego técnico indica a contenerización do concello de Silleda segundo as distintas zonas (núcleo e rural) para ambas fraccións:

		CONTADORES RESTO					CONTADORES DE ENVASES			
		Carga Traseira (litros)			Carga Lateral (litros)		Carga Traseira (litros)		Carga Lateral (litros)	
		360	800	1100	2400	3200	360	800	2400	3200
Zona Núcleo	Silleda				56				52	
	Bandeira				24				23	
					80				75	155
Zona Rural		628					33			661

Das 75 unidades de CL de envases e embalaxes, 58 unidades teñen unha capacidade de 2.400 litros, mentres que 17 son de 3.200 litros.

O prego establece, entre outras, as seguintes obrigas:

- Todos os contedores da zona urbana de Silleda, Bandeira e partes intermedias deberán ser de recollida con CL para ambas fracción, e serán proporcionados (nova compra) polo adxudicatario, como mínimo os mesmos que existen na actualidade.
- Os contedores das demais parroquias (Rural), con sistema de CT para ambas fraccións, son propiedade do concello, e deberá manterse, como mínimo, o mesmo número. A maiores, deberán proporcionar, como mínimo, 60 contedores de 800 litros para a fracción de envases e embalaxes.

- Os licitadores poden propoñer cambio de sistema de CT por CL na zonas que consideren. Este cambio será considerado como mellora, e ten que valorarse economicamente de forma anual.
- Todos os contedores deberán ser instalados nun prazo de 30 días desde o inicio da prestación do servizo.

OFERTA DA EMPRESA SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

Para a elaboración da súa oferta SCG realizou un inventario previo dos contedores dispostos no concello. Deste traballo reflicten que a distribución actual é a seguinte:

	CONTEDORES RESTO					CONTEDORES DE ENVASES				
	CT (litros)			CL (litros)		CT (litros)		CL (litros)		
	360	800	1100	2400	3200	360	800	2400	3200	
Zona Silleda-Bandeira				62	18			58	17	155
Zona Rural	129	497	2				33			661
	628			80		33		75		816

A empresa, en relación a contenerización, propón o seguinte (páx. 5 e 41 da oferta):

1. Substitución de tódolos contedores de CT das zonas intermedias entre os cascos de Silleda e Bandeira (estrada N525) por contedores de CL de 2.400 litros para a recollida da fracción resto.
2. Apórtanse 62 contedores de 2.400 l, CL, para a fracción resto.
3. Adquisición, ao inicio do contrato, de 30 contedores de CL para reserva da recollida da fracción resto.
4. Adquisición, ao inicio do contrato, de 64 contedores de CT (800 l) como reserva para a recollida da fracción resto, e o 5% de estes contedores como reposición ao longo do contrato.
5. Adquisición, ao inicio do contrato, de 64 contedores de CL (2.400 l) para a recollida de envases e embalaxes (EELL)
6. Adquisición, ao inicio do contrato, de 100 contedores de CT (800 l) para a recollida de envases e embalaxes, para ampliar a zona do rural.
7. O subministro de 100 composteiros para os veciños do concello.

Conforme á táboa da páx. 42 da oferta, a contenerización ofrecida quedaría da seguinte maneira:

OFERTA DE SCG				Contedores PREGO
Material	Uds finais en servizo	Aportados empresa		
Resto 800 l (CT)	692	64 inicio	5% reserva	628
EELL 800 l (CT)	100	67	33 reserva	33
Resto 2.400 l (CL)	126	64 inicio		62
EELL 2.400 l (CL)	122	64 inicio		58
Resto 3.200 l (CL)	18	-		18
EELL 3.200 l (CL)	17	-		17
Composteiros	100	100 inicio		-

Destes datos podemos concluír que SCG cumpre có establecido en canto o número de contenerización determinado no prego.

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

Conforme os datos expostos na táboa da páx. 9 da oferta podemos apuntar que o número de contedores para cada zona do municipio é a seguinte:

Situación	contedores en servizo SOIL	contedores PREGO
Núcleo F. Resto (CL)	80	80
Núcleo F. EELL (CL)	76	75
Parroquias F. Resto (CT)	766	628
Parroquias F. EELL (CT)	105	33
	1.027	816

A oferta propón ampliar a recollida das zonas intermedias de Silleda e Bandeira por medio doutros 15 contedores de CL de 2.400 litros. Non obstante, este dato non consta en ningunha das táboas de contenerización (páx. 9 e 10 da oferta).

Do estudo realizado, feito pola empresa, en relación ao número e estado dos contedores, afirma que existen 52 contedores propiedade do concello en mal estado de CT e de cor amarelo no seu almacén. Neste sentido, propoñen reparar e acondicionar 45 contedores de EELL de carga traseira, do total existente.

Non obstante, para atender o servizo de recollida, de acordo cos datos expostos na páx. 28, a empresa comprométese a comprar inicialmente:

- 60 contedores de EELL de CT.
- 35 contedores de CL de 3.200 l (sen especificar resto ou EELL).
- 120 contedores de CL de 2.200 l (sen especificar resto ou EELL).
- 30 contedores adicionais de CL de 2.200 l (15 de resto e 15 de EELL).

Polo tanto, o resultado final de contedores a poñer en servizo, considerando que os 35 e 120 unidades son os 155 contedores de CL (80 resto e 75 EELL), o número total sería:

Situación	contedores en servizo	contedores Prego	compra inicio servizo
Núcleo F. Resto (CL)	80	80	95
Núcleo F. EELL (CL)	76	75	90
Parroquias F. Resto (CT)	766	628	766
Parroquias F. EELL (CT)	105	33	105
	1027	816	

A oferta axústase ao esixido no prego; non obstante o número de contedores de CL previstos comprar ao inicio do contrato (95 para resto e 90 para EELL) non se plasma nos datos de cálculo da oferta. Polo tanto, consideramos que os datos de contenerización para a CL non aumentan co respecto ao esixido no Prego.

Como mellora, implantarán 50 soportes de contedores en aceiro inox.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

A empresa mantén a contenerización proposta polo concello, incrementando a CL de resto nas rutas 1b,1c e 1d en 41 unidades e mantendo as 80 unidades para a ruta 1a (total zona núcleos 121 contedores).

A contenerización no rural de CT para a F. EELL reforzarase coa compra de 60 contedores de 800 l, quedando un total de 93 unidades.

A proposta de contenerización é a seguinte:

<i>Contenerización actual:</i>			<i>Proposta URBASER</i>	<i>Nova adquisición contedores</i>	<i>incremento contedores</i>
<i>Resto</i>	CT	628	587		- 41
	CL	80	121	121	41
<i>Envases</i>	CT	33	93	60	60
	CL	75	75	75	-
		816	876	256	

Esta oferta mantería un stock mínimo de 10 contedores de cada tipo (páx. 21).

Cada contedor estará rotulado co anagrama do concello, e se instalará un chip de identificación (TAG), en cada un dos contedores adquiridos de residuos de RSU.

Na páx. 21 sinalan que os contedores de CL serán xeoreferenciados e identificados mediante TAG ou chips, e colocaranse un total de 256 unidades (número que coincide có total de contedores adquiridos pola empresa). Sen embargo, na páx. 39 fase referencia a que soamente os vehículos recolectores de CT estarán dotados dun sistema GPS de lectura dos chips, non indicando nada sobre os recolectores de CL. Polo tanto, os chips dos contedores de CL (121 e 75 unidades adquiridas) non serán de utilidade dado que estes camións non leva instalado o sistema GPS de lectura e control de eses chips.

2.1.2.- Dimensionamento de rutas e frecuencias de recollida

O dimensionamento das rutas ven determinado pola división xeografía esixida, e respectando as frecuencias mínimas establecidas no prego.

As frecuencias mínimas de recollida segundo prego son:

- Para a fracción resto:
 - nos núcleos de Silleda e Bandeira, e zonas intermedias (CL) 6 días á semana de luns a sábado (excepto festivos).
 - no rural (CT) 1 día por semana dende setembro a xuño; en xullo e agosto será de 2 días por semana.
- Para a fracción envases e embalaxes:
 - nos núcleos de Silleda e Bandeira, e zonas intermedias (CL) 1 día á semana de setembro a xuño; e diaria (6 días a semana) durante xullo e agosto.
 - no rural (C.T.) unha vez cada quince días.

OFERTA DA EMPRESA SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

Na táboa seguinte móstranse os datos presentados na oferta en relación ao dimensionamento e frecuencias de recollida (páx. 13-14).

INVERNO				
RESTO	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	6	145	6	35
Rural	11	100	5	120
XULLO-AGOSTO				
RESTO	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	6	145	6	35
Rural	17	100	6	120

INVERNO				
EELL	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	2	166	2	35
Rural	1	100	1	130
XULLO-AGOSTO				
EELL	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	6	134	6	35
Rural	1	100	1	130

O primeiro que apreciamos nesta táboa é que as frecuencias de recollida da F.resto do rural para o inverno e verán (5 e 6 respectivamente), no coinciden cós datos mostrados na páx. 10 da oferta, onde indican que as frecuencias de recollida son:



	Días/semana	
	inverno	verán
Núcleo-Resto	6	6
Núcleo-EELL	2	6
Parroquias-Resto	2	3
Parroquias-EELL	1	1

En segundo lugar, en canto ao dimensionamento das rutas, a táboa móstranos un promedio de contedores por ruta (cont/ruta) que non coincide coa realidade. Facendo o cálculo de media de contedores (*punto 2.1.1. Dimensionamento da contenerización*) entre as rutas definidas obteremos o seguinte:

INVERNO				
RESTO	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	6	145	6	35
Rural	11	100	5	120
XULLO-AGOSTO				
RESTO	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	6	145	6	35
Rural	17	100	6	120

contedores en servizo	MEDIA CONT/RUTA
144	24,00
692	62,91

INVERNO				
EELL	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	2	166	2	35
Rural	1	100	1	130

contedores en servizo	MEDIA CONT/RUTA
139	69,50
100	100,00

XULLO-AGOSTO

EELL	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta
Núcleo urbano	6	134	6	35
Rural	1	100	1	130

contedores en servizo	MEDIA CONT/RUTA
139	23,17
100	100,00

Só coinciden a media de contedores da recollida da fracción de EELL no rural.

Este erro leva a que o dimensionamento de equipos e persoal estará equivocado tomando como referencia esta contenerización media por ruta.

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

En relación ás rutas, fan a seguinte distribución:

- Nos núcleos de Silleda e bandeira, deseñan 1 única ruta, tanto para a fracción resto como para EELL.
- Nas parroquias, crean 6 rutas distintas para a fracción resto e 5 para os EELL.

A táboa seguinte mostra as diferentes rutas e a frecuencia de recollida establecida para cada unha delas:

SILLEDA-BANDEIRA		DATOS OFERTA (PÁX. 10)					
FRACCIÓN RESTO	Rutas	Horario	d/s	Km/ruta	contedores	Persoal	Xorn/ano
R. INVERNO (CL)	RSU-CL-INV.	diurno	6	32,22	80	C	258
R. XULLO-AGOSTO (CL)	RSU-CL-VER.	diurno	6	32,22	80	C	54
				32,22	80		312
FRACCIÓN ENVASES	Rutas	Horario	d/s	Km/ruta	contedores	Persoal	Xorn/ano
R. INVERNO (CL)	EELL-CL	L	1	31,26	76	C	43
R. XULLO-AGOSTO (CL)	EELL-CL	L-S	6	31,26	76	C	54
				31,26	76		97
RURAL							
FRACCIÓN RESTO	Rutas	Horario	d/s	Km/ruta	contedores	Persoal	Xorn/ano
R. INVERNO (CT)	RSU 1-INV.	luns	1	61,58	124	C + O	43
	RSU 2-INV.	martes	1	90,33	130	C + O	43
	RSU 3-INV.	mércores	1	77,69	115	C + O	43
	RSU 4-INV.	xoves	1	60,80	163	C + O	43
	RSU 5-INV.	venres	1	56,21	130	C + O	43
	RSU 6-INV.	sábado	1	65,25	104	C + O	43
R. XULLO E AGOSTO (CT)	RSU 1-VER.	L-X	2	61,60	124	C + O	18
	RSU 2-VER.	L-X	2	90,33	130	C + O	18
	RSU 3-VER.	MA-V	2	77,70	115	C + O	18
	RSU 4-VER.	MA-V	2	60,80	163	C + O	18
	RSU 5-VER.	ME-S	2	56,21	130	C + O	18
	RSU 6-VER.	ME-S	2	65,30	104	C + O	18
				411,86	766		366

FRACCIÓN ENVASES	Rutas	Horario	d/s	Km/ruta	contedores	Persoal	Xorn/ano
R. INVERNO (CT)	EELL-1	L	0,5	55,00	21	C + O	22
	EELL-2	ME.	0,5	57,90	20	C + O	22
	EELL-3	V	0,5	34,20	20	C + O	22
	EELL-4	ME.	0,5	27,60	23	C + O	22
	EELL-5	V	0,5	53,00	21	C + O	22
R. XULLO E AGOSTO (CT)	EELL-1	L	0,5	55,00	21	C + O	5
	EELL-2	ME.	0,5	57,90	20	C + O	5
	EELL-3	V	0,5	34,20	20	C + O	5
	EELL-4	ME.	0,5	27,60	23	C + O	5
	EELL-5	V	0,5	53,00	21	C + O	5

As frecuencias de recollida (d/s) coinciden coas mínimas propostas no prego, e o número de contedores por ruta está en concordancia cós contedores dos que se disporán en caso de resultar adxudicatarios.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

En relación ás rutas, para os núcleos de Silleda e Bandeira (CL), propoñen as seguintes:

- catro rutas para a F.resto, cunha frecuencia de 6 días por semana de recollida, o longo de todo o ano.
- E para a F. EELL, unha única ruta de recollida, cunha frecuencia de 1 día á semana en inverno, e 6 días en verán.

Cumpre cós mínimos do prego.

Para a zona do rural (CT) propoñen as seguintes:

- tres rutas para a F. resto, cunha frecuencia de recollida de 2 días por semana o longo de todo o ano (aumenta unha día de recollida á semana no inverno respecto o prego).
- E de EELL, unha única ruta cunha frecuencia de 1 vez cada quince días, todo o ano.

Zona 1: Silleda-Bandeira

FRACCIÓN RESTO	Rutas	Horario	días/s	Km/ruta	contedores	stock	Persoal	Xorn/ano
R. TODO O ANO CL	CL-a	6:20-8:00	6	33,5	80	10	C	298
	CL-b	8:00-8:30	6	11,0	20		C	298
	CL-c	8:30-8:50	6	4,6	10		C	298
	CL-d	8:50-9:20	6	10,3	11		C	298
Limpeza de bolsas fora.	R-repaso	6:00-6:20	6		121		C	298

FRACCIÓN ENVASES	Rutas	Horario	días/s	Km/ruta	contedores	stock	Persoal	Xorn/ano
R. INVERNO (CL)	E1	9:20-12:40	1	32,30	75	10	C	43
R. XULLO-AGOSTO (CL)	E1	9:20-12:40	6	32,30	75		C	54

Zona 2: Rural

FRACCIÓN RESTO	Rutas	Horario	días/s	Km/ruta	contedores	stock	Persoal	Xorn/ano
R. TODO O ANO CT	CT-a	6:00-12:40	2 (L-X)	107	195	??	C + O	100
	CT-b	6:00-12:40	2 (Ma-V)	125	198		C + O	99
	CT-c	6:00-12:40	2 (Me-S)	122	194		C + O	99
587								
FRACCIÓN ENVASES	Rutas	Horario	días/s	Km/ruta	contedores	stock	Persoal	Xorn/ano
R. TODO O ANO CT	CT-E2	15:00-21:40	0,5	183,5	93	??	C + O	26

O número de contedores por ruta concorda có número total de contedores que entrarán en servizo de acordo coa oferta, polo que o deseño de contedores por ruta é correcto.

2.1.3.- Dimensionamento dos lavados dos contedores

De acordo co prego de condición técnicas, as obrigas mínimas de lavado de contedores son:

- Para a fracción resto, 2 veces ao ano.
- Para a fracción EELL, 4 veces ao ano.

Deberán presentar un calendario de lavado para todo o ano, así como os medios técnicos e humanos empregados (incluíndo xornadas de traballo para cada actividade).

OFERTA DA EMPRESA SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

En relación ao número de lavados (páx. 6 da oferta), SCG propón:

- 2 lavados durante o período de inverno, e
- 2 lavados durante o verán.

É dicir, 4 lavados ao ano da totalidade dos contedores (1.075 unidades en servizo).

O cronograma definido para estas actuacións é o seguinte:

- Un lavado no período do 1-12 de xullo
- Un lavado no período do 20-31 de agosto
- Un lavado no período do 11-22 de marzo
- Un lavado no período do 10-21 de decembro.

Propoñen 12 días de traballo (por quenda de lavado) para poder levar a cabo a limpeza de 1.075 contedores de recollida (283 contedores de CL, e 792 de CT).

A proposta da empresa está plasmada na táboa da páx. 8, tal como se detalla a continuación:

Lavado de cont. FR e EELL 12 meses	rutas de recollida	cont/ruta	nº lav/cont	km/ruta	persoal		Xornadas OFERTA	vehículo
					C	O		
Núcleo	4	100	2	35	1	1	4	lavacontedor de 6 +6 m3
Rural	16	100	2	120	1	1	16	lavacontedor de 3+3 m3

En primeiro lugar, os lavados propostos na páx. 6 da oferta, son 4 en total, para todos os contedores (2 no período de inverno e 2 no período estival). Polo contrario, a táboa da páx. 8, só indica 2 lavados nos núcleos e 2 nas parroquias. Consideramos que o dato da táboa é un erro xa que esta frecuencia incumpriría os mínimos establecidos no prego para os contedores de EELL. Tamén, cometen un erro na cantidade de contedores por ruta, xa que si dividimos o número de contedores entre o número de rutas a media sería 67 contedores/ruta para o núcleo e 50 contedores/ruta para o rural.

Por outra banda, si atendemos as xornadas propostas para cumprir cós lavados (4 lavados ao ano para a totalidade dos contedores), e tendo en conta os datos da oferta de rendemento (12,5 lavados/xornada), podemos calcular o seguinte:

	cont.servizo	rendem. con/h	con/xorn	xornadas	xornadas	vehículo
				1 lavado/ano	4 lavados/ano	
Núcleo	283	12,50	77,50	3,65	14,61	lavacontedor de 6 +6 m3
Parroquias	792	12,50	77,5	10,22	40,88	lavacontedor de 3+3 m3

Dedúcese que as xornadas propostas (4 xornadas para os contedores do núcleo e 16 para os do rural) para cumprir coa frecuencia de lavado ofertada (4 lavados por 283 contedores no núcleo e 792 no rural), non son suficientes; serían necesarias 14,61 e 40,88 xornadas respectivamente. Considerando unha xornada de traballo efectiva como 6,2 h.

Aínda que o rendimento do vehículo lavacontedor fose de 20 contedores por hora (case o dobre do rendimento ofertado) as xornadas necesarias non bajarían de 9 para o núcleo, e 25 para o resto de parroquias, moi lonxe das 4 e 16 xornadas propostas por SCG.

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

A empresa ofrece o mesmo número de lavados que establece o prego:

- 2 lavados/ano para os contedores de resto (un por semestre)
- 4 lavados/contedor para os da fracción EELL (un por trimestre)

Os medios propostos para levar a cabo estas frecuencias consisten nun equipo de dous persoas (conductor e operarios) cun total de 331,5 horas anuais de traballo e un rendemento establecido de 50-60 lavados por xornada de traballo (datos páx. 31-32).

Este rendemento soamente é valido para os camións lavacontedores non para un furgón hidrolimpiador onde os rendementos son moito mais baixos. Nestes casos, o rendemento estaría no orde de 3 ou 4 contedores por hora de traballo (*Estudio para la determinación de la fórmula de pago de aplicación a la recogida selectiva, ECOEMBES*).

Na páx. 10 presentase unha táboa cós datos de lavado, onde se especifican as rutas, os contedores, o número de lavados por contedor, o persoal e tamén os medios mecánicos utilizados. Nela podemos observar que os contedores de CL son lavados con furgón hidrolimpiador e os de CT con camión lavacontedores.

Cós datos da táboa podemos determinar os lavados que se levarán a cabo en función do número de contedores e frecuencias de lavado, e comparalas cós datos obtidos en función das xornadas ofertadas e do rendemento de lavado. Así a táboa seguinte compara estes datos:

	DATOS OFERTA SOIL (páx. 10)					CÁLCULO necesidades		
	rutas	cont/R	lavados/c onte.	xorn./ano	Lavacontedor		lava/ano.cont	lava/ano.xorn
					vehículos	lava/xorn.		
Zona 1: Silleda/Bandeira								
F.R. CL (80 CONT.)	1	20	2	8	Hidrolimpiadora	21	40	168
	1	20	2		Hidrolimpiadora		40	
	1	20	2		Hidrolimpiadora		40	
	1	20	2		Hidrolimpiadora		40	
		80	2	8			160	168
F.EELL CL (76 CONT)	1	30	4	12	Hidrolimpiadora	21	120	252
	1	30	4		Hidrolimpiadora		120	
	1	30	4		Hidrolimpiadora		120	
			90		4		12	
Zona 2: Rural	1	62	2	2	Lavacontedores CT	60	124	120
F.R. CT ruta 1 (124 CONT)	1	62	2	2	Lavacontedores CT	60	124	120
	1	65	2	2	Lavacontedores CT	60	130	120
F.R. CT ruta 2 (130 CONT)	1	65	2	2	Lavacontedores CT	60	130	120
	1	58	2	2	Lavacontedores CT	60	116	120
F.R. CT ruta 3 (115 CONT)	1	58	2	2	Lavacontedores CT	60	116	120
	1	55	2	2	Lavacontedores CT	60	110	120
F.R. CT ruta 4 (163 CONT)	1	55	2	2	Lavacontedores CT	60	110	120
	1	54	2	2	Lavacontedores CT	60	108	120
	1	65	2	2	Lavacontedores CT	60	130	120
F.R. CT ruta 5 (130 CONT)	1	65	2	2	Lavacontedores CT	60	130	120
	1	52	2	2	Lavacontedores CT	60	104	120
F.R. CT ruta 6 (104 CONT)	1	52	2	2	Lavacontedores CT	60	104	120
		768	2	26			1.536	1.560
F.EELL CT ruta 1	1	21	4	4	Lavacontedores CT	60	84	240
F.EELL CT ruta 2	1	20	4	4	Lavacontedores CT	60	80	240
F.EELL CT ruta 3	1	20	4	4	Lavacontedores CT	60	80	240
F.EELL CT ruta 4	1	23	4	4	Lavacontedores CT	60	92	240
F.EELL CT ruta 5	1	21	4	4	Lavacontedores CT	60	84	240
		105	4	20			420	1.200
				66				

Pódese apreciar que as xornadas propostas pola oferta están ben axustadas excepto no caso dos contedores de EELL do rural, onde se propuxeron tres veces mais das necesarias.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

O número de lavados dos contedores propostos pola empresa ven plasmada na táboa da páx. 24, tal e como se detalla a continuación:

							Lavacontedor
	rutas	Conte./ruta	Lava/cont	km/ruta	Persoal	xorn/ano	vehículos
Zona 1: Silleda/Bandeira	CL-a-b-c-d	121	24	59,4	C	24	Renault Premium CL Faryd 6728HBW (6.000 l)
RESTO (inverno e verán)							
Zona 2: Rural	CT-a-b-c	587	4	587	C + O	40	Renault Meidium Trasera Ros Roca (3.000 l)
RESTO (inverno e verán)							
Zona 1: Silleda/Bandeira	CL-E1	75	6	32,3	C	6	Renault Premium CL Faryd 6728HBW (6.000 l)
EELL (inverno e verán)							
Zona 2: Rural	CT-E2	93	6	183,5	C + O	12	Renault Meidium Trasera Ros Roca (3.000 l)
EELL (inverno e verán)							

En resumo, o número de lavados propostos ao ano son:

- Para a F. resto de CL, realizaranse 24 lavados por ano de todos os contedores (121 unidades).
- Para a F. resto de CT, serán 4 lavados por ano (587 unidades).
- Para a F. EELL tanto de CL como de CT, se farán 6 lavados por ano a un total de 75 contedores de CL e 93 de CT (168 unidades).

Facendo o cálculo de lavados necesarios por ano, para cada categoría, e tendo en conta as xornadas proposta para facelo, podemos comprobar se son suficientes a través da táboa seguinte:

							7 h/xorn	6,20 h/xorn
							total	total
	rutas	Conted.	Nº lava/cont.	Persoal	xorn/ano	Lava/ano	Lav/xorn	Lav/xorn
Zona 1: Silleda/Bandeira	CL-a-b-c-d	121	24	C	24	2.904	1.596	1.414
RESTO (inverno e verán)								

							7 h/xorn	6,20 h/xorn
							total	total
	rotas	Conted.	Nº lava/conte.	Persoal	xorn/ano	Lava/ano	Lav/xorn	Lav/xorn
Zona 2: Rural								
RESTO (inverno e verán)	CT-a-b-c	587	4	C + O	40	2.348	4.088	3.621
Zona 1: Silleda/Bandeira								
EELL (inverno e verán)	CL-E1	75	6	C	6	450	399	353
Zona 2: Rural								
EELL (inverno e verán)	CT-E2	93	6	C + O	12	558	1.226	1.086

Aínda considerando que a proposta de Urbaser de 24 lavados por ano dos contedores da F.resto de CL non fose un erro (xa que parece un número de lavados excesivo), as xornadas propostas para levar a cabo todos os lavados non son suficientes nalgúns casos e noutros están sobredimensionados, tal e como se mostra na táboa anterior (a columna de *lava/ano* e *total lava/xorn* deberían ser moi parecidas).

Xa que a oferta non proporciona datos de rendemento do camión consideramos, para os cálculos feitos na táboa anterior, que os rendementos dun camión lavacontedores son:

EQUIPO LAVACONTEADOR DE C. TRASERA

		6,20 h/xorn	7,00 h/xorn
		conted/h	cont/xorn
urbano	23,9	148,18	167,30
semi	16,7	103,54	116,90
rural	14,6	90,52	102,20

EQUIPO LAVACONTEADOR DE C. LATERAL

		6,20 h/xorn	7,00 h/xorn
		conted/h	cont/xorn
urbano	11,6	71,92	81,20
semi	9,5	58,90	66,50

Datos estudo ECOEMBES para o cálculo do pago da recollida selectiva

2.1.4.- Dimensionamento do persoal necesario

O prego técnico establece que as ofertas deberán indicar o número de persoas adscritas ao servizo en función das diferentes tarefas que se van realizar (inspección, control, recollida, limpeza, etc) así como as xornadas anuais de traballo por operario que se destinen a cada tarefa. Tamén terase en conta o persoal non adscrito ao servizo (servizos xerais) que colaboren en diferentes xestións do mesmo, indicando, para cada un deles, as xornadas anuais de dedicación.

OFERTA DA EMPRESA SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

O organigrama do servizo estaría formado por:

1. Director de servizo en permanente comunicación co concello (24 h/d, todos os días do ano) mediante un móbil.
2. Un encargado que coordinará as diferentes áreas do contrato (24 h/d, todos os días do ano), mediante móbil.
3. Un responsable de taller e tres mecánicos, para a área de mantemento preventivo e correctivo.
4. Un técnico de comunicación e apoio ao director do servizo e do encargado.
5. Dous administrativos
6. Un técnico de calidade
7. Un técnico de medio ambiente.

O persoal necesario para recoller os contedores postos en servizo pola empresa, plázanse na táboa da páx. 13, tal e como se mostra a continuación:

INVERNO							
					persoal		
RESTO	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta	C	O	xorn/ano
Núcleo urbano	6	145	6	35	1	-	264
Rural	11	100	5	120	1,83	1,83	484
XULLO-AGOSTO							
					persoal		
RESTO	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta	C	O	xorn/ano
Núcleo urbano	6	145	6	35	1	-	48
Rural	17	100	6	120	2,83	2,83	400
INVERNO							
					persoal		
EELL	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta	C	O	xorn/ano
Núcleo urbano	2	166	2	35	0,33	-	88
Rural	1	100	1	130	0,17	0,17	44

XULLO-AGOSTO							
EELL	Rutas recollida	cont/ruta	d/s	km/ruta	persoal		xorn/ano
					C	O	
Núcleo urbano	6	134	6	35	1,00	-	48
Rural	1	100	1	130	0,17	0,17	8

Tendo en conta que os datos de contedores por ruta e días da semana que se recollen, tal como xa indicamos no punto "2.1.2. dimensionamento de rutas e frecuencia de recollida", son erróneos, isto induce a ofrecer cálculos erróneos para as necesidades de persoal.

A continuación mostramos as necesidades de persoal máis axeitadas a frecuencia de recollida proposta pola empresa na páx. 10, e do número de contedores en servizo (páx. 42).

PERÍODO DE INVERNO					OFERTA xorn/ano
RESTO	contedores en servizo	recollida días/semana	rendemento recollida/xorn	cálculo xorn/ano necesarias	
Núcleo urbano	144	6	150	247,68	264
Rural	692	2	290	205,21	484
PERÍODO ESTIVAL (XULLO-AGOSTO)					OFERTA xorn/ano
RESTO	contedores en servizo	recollida días/semana	rendemento recollida/xorn	cálculo xorn/ano necesarias	
Núcleo urbano	144	6	150	51,84	48
Rural	692	3	290	64,43	400
PERÍODO DE INVERNO					OFERTA xorn/ano
EELL	contedores en servizo	recollida días/semana	rendemento recollida/xorn	cálculo xorn/ano necesarias	
Núcleo urbano	139	2	150	79,69	88
Rural	100	1	290	14,83	44
PERÍODO ESTIVAL (XULLO-AGOSTO)					OFERTA xorn/ano
EELL	contedores en servizo	recollida días/semana	rendemento recollida/xorn	cálculo xorn/ano necesarias	
Núcleo urbano	139	6	150	50,04	48
Rural	100	1	290	3,10	8

Podemos comprobar que, as xornadas propostas para realizar o servizo no rural para a F. resto, están sobredimensionadas para os cálculos de frecuencia de recollida de 2 e 3 días por semana en inverno e verán respectivamente.

No tocante as necesidades de persoal para realizar os lavados de contedores, xa comprobamos no apartado "2.1.3. *dimensionamento dos lavados de contedores*", que as xornadas necesarias son maiores que as propostas (14,61 e 44,88 son necesarias, sobre as ofertadas de 4 e 16 respectivamente).

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

O organigrama específico do servizo de recollida será:

- Un director de área (Andrea Ciricugno).
- Un administrativo (Ana Nieto).
- Un técnico especialista en RRHH (Rubén Freire).
- Un técnico en prevención de riscos (Luis Martín).
- Un encargado (responsable do contrato).
 - Para recollida:
 - 2 condutores a xornada completa.
 - Un peón a xornada completa.
 - Un peón a media xornada.
 - Para lavado e desinfección:
 - Un condutor.
 - Un peón
 - Mantemento e reparación:
 - Un mecánico condutor.
 - Un peón.
 - Persoal de almacén:
 - Un mecánico condutor.
 - Un peón.

A dedicación anual de cada un deles non se estima na oferta.

Os datos da empresa, en relación as xornadas necesarias para recoller as fraccións de resto e envases, coas frecuencias propostas, tendo en conta o rendemento do camión de CT de 220 contedores por xornada, son os que se describen a continuación:

DATOS OFERTA (páx. 10)					
Rutas	d/s	conted.	Equipo	Persoal	Xorn/ano
ZONA NÚCLEOS					
RSU-CL-INV.	6	80	C		258
RSU-CL-VER.	6	80	C		54
EELL-CL	1	76	C		43
EELL-CL	6	76	C		54

Cálculos por frecuencias e por xornadas		
levan/ano (frecuencia)	Levan/ano (xornadas)	xorn/ano (frecuencias)
20.640	34.391	155
4.320	7.198	32
3.268	5.732	25
4.104	7.198	31

DATOS OFERTA (páx. 10)				
Rutas	d/s	conted.	Equipo Persoal	Xorn/ano

ZONA RURAL

RSU 1-INV.	1	124	C + O	43
RSU 2-INV.	1	130	C + O	43
RSU 3-INV.	1	115	C + O	43
RSU 4-INV.	1	163	C + O	43
RSU 5-INV.	1	130	C + O	43
RSU 6-INV.	1	104	C + O	43
RSU 1-VER.	2	124	C + O	18
RSU 2-VER.	2	130	C + O	18
RSU 3-VER.	2	115	C + O	18
RSU 4-VER.	2	163	C + O	18
RSU 5-VER.	2	130	C + O	18
RSU 6-VER.	2	104	C + O	18
EELL-1	0,5	21	C + O	22
EELL-2	0,5	20	C + O	22
EELL-3	0,5	20	C + O	22
EELL-4	0,5	23	C + O	22
EELL-5	0,5	21	C + O	22
EELL-1	0,5	21	C + O	5
EELL-2	0,5	20	C + O	5
EELL-3	0,5	20	C + O	5
EELL-4	0,5	23	C + O	5
EELL-5	0,5	21	C + O	5

Cálculos por frecuencias e por xornadas		
levan/ano (frecuencia)	Levan/ano (xornadas)	xorn/ano (frecuencias)

5.332	9.460	24
5.590	9.460	25
4.945	9.460	22
7.009	9.460	32
5.590	9.460	25
4.472	9.460	20
2.232	3.960	10
2.340	3.960	11
2.070	3.960	9
2.934	3.960	13
2.340	3.960	11
1.872	3.960	9
452	4.840	2,1
430	4.840	2,0
430	4.840	2,0
495	4.840	2,2
452	4.840	2,1
95	1.100	0,4
90	1.100	0,4
90	1.100	0,4
104	1.100	0,5
95	1.100	0,4

O rendemento do camión recolector de CL consideramos que é o que indica o ISR (Instituto para a sustentabilidade dos Recursos) no proxecto "Low Cost", de 21,50 cont/h, e tendo en conta 6,2 h eficientes de xornada, o valor sería de 133 cont/xornada que un camión recolector de CL podería levantar no rural.

Observando a táboa podemos concluír que as xornadas ofertadas por SOIL están sobredimensionadas para todas as rutas deseñadas.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

A empresa subrogará todo o persoal da contrata actual e con persoal propio da Delegación de Pontevedra realizará as labores de lavado de contedores, atención o público, mantemento, e nomeará un responsable que actuará como responsable de enlace có concello.

Os datos de persoal necesario para realizar o servizo aparecen na páx. 30-31 da oferta, e móstranse a continuación:

DATOS OFERTA (páx. 30-31)						Cálculos por frecuencias e por xornadas		
RESTO	rotas	conte.	km/ruta	d/s	xorn/equipo	levan/ano (frecuencia)	Levan/ano (xornadas)	xorn/ano (frecuencias)
Núcleos	1a,1b,1c,1d	121	59,4	6	298	37.752	39.723	283
Parroquias	2a	195	107	2	100	20.280	21.700	93
Parroquias	2b	198	125	2	99	20.592	21.483	95
Parroquias	2c	194	112	2	99	20.176	21.483	93
EELL								
Núcleos (inverno)	E1	75	32,3	1	43	3.225	5.732	24
Núcleos (verán)	E1	75	32,3	6	54	4.050	7.198	30
Parroquias (inverno)	E2	93	183,5	0,5	26	2.000	5.642	9

Como se pode apreciar na táboa as xornadas previstas para realizar as labores de recollida da F. resto están dentro da normalidade, mentres que as xornadas previstas para a F. EELL están sobredimensionadas.

Á vista do exposto en cada un dos apartados anteriores, a puntuación obtida por cada unha das empresas licitadoras neste apartado resúmese no seguinte cadro:

	PUNTOS PREGO	S.C. GALEGO S SLU	SOIL RECOVERY SL	URBASER SA
Planificación da explotación do servizo (rotas, frecuencias, lavado, contedores, persoal, etc)	20	11	15	17

2.2.- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados (máximo 5 puntos)

O prego técnico establece que os vehículos adscritos ao contrato **deberán ser novos** e deberán estar dispoñibles transcorridos os 6 primeiros meses de traballo. Todos os vehículos novos deberán cumprir coa normativa vixente e en concreto no relativo ao nivel de emisións EURO V / VI.

OFERTA DA EMPRESA SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

Os vehículos empregados no servizo por parte de SCG son os seguintes:

Vehículos de recollida

Núcleo urbano	Iveco AD2600S31 19 m3 CL (similar)	Nova adquisición	EURO 6
	Ranault Premium 270.18 15 m3 CL (reserva)		EURO 3
Rural	Iveco AD2180S31 16 m3 CT (similar)	Nova adquisición	EURO 6
	Ranault 22SXB1 21 m3 CT		EURO 2
	Iveco A1VP00 (MH190E27) 16 m3 CT (reserva)		EURO 2

Lavado de contedores:

Núcleo urbano	lavacontedores CL, 6 + 6 m3 (nova adquis.)	IVECO 150E22 (ou similar)	Rendemento 12,5 cont/h
Rural	lavacontedores CT, 3 + 3 m3 (2 exes)	5006BBK	Rendemento 12,5 cont/h
	hidrolimpiadora Kruger KH20015CSP (ou similar)	Caudal 900 l/h	

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

En relación a esta oferta facemos unha **ADVERTENCIA CAUTELAR** á Mesa de Contratación no sentido de que se debería solicitar unha **ACLARACIÓN** á empresa ao respecto se os camións ofertados de CT e CL para a recollida de residuos (páxinas 7, 8, 11 e 26) son ou non de nova adquisición, ao existir discrepancias na súa oferta.

Así, por un lado, a empresa fala de por a disposición do servizo os seguintes camións:

- Vehículo titular. Camión recolector de CL de 18 t (PMA) composto por carrozaría compactadora de marca OMB de 16 m³ e elevador de contedores de 2.400-3.200 l.
- Vehículo titular. Camión recolector de CT de 18 t (PMA) de 15,5 m³ (16 m3), tipo IVECO EURO CARGO e compactador Ros Roca (ou similar), para contedores de 80-390 l, de 500-1.200 l tapa plana, e 770-1.300 l tapa curva.

Mentres que na páxina 11 os vehículos propostos son os seguintes:

Camión 1:	recolector CL Ranault Premium 270.18, 16 m3 matrícula 1111-FZD carga útil 5000 kg 270CV EURO 4
Camión 2:	recolector CT IVECO Eurocargo 160E28, 16 m3 carga útil 6320 kg 280 CV EURO 4
Camión 3:	recolector CT DAF Damion, 16 m3 matrícula 4503-DTT carga útil 6670 kg 200 CV EURO 4 <i>Utilizarse no verán para a F. EELL do rural</i>

Estos vehículos só poderían ser utilizados durante os seis primeiros meses ata a posta a disposición dos definitivos de nova adquisición, e por tanto non teñen a obriga de cumprir a norma EURO V ou VI. Se non fora así, esta oferta quedaría eliminada por incumprimento do prego técnico, punto “vehículos”.

Outros medios utilizados no servizo son:

lavacontedor: Carga Traseira, Renault 43ACA2
matrícula 7242-DVN
5000 litros
rendemento de 60 cont/h
122 l/min, 120 bar

Hidrolimpiador: Citroen Jumper 35
L2H2, Honda
5,5 CV
120 Bar
caudal de 900 li/h
auga fría

En calquera caso reiteramos que esta oferta estaría supeditada ao resultado da solicitude de aclaración con respecto aos camiões de nova adquisición.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

Os vehículos postos a disposición do servizo son:

- Camión recolector CL Premium 270 Farid FMO, de 17 m³, de nova adquisición, EURO VI.
- Furgoneta Nissan Cabstar con volquete e plataforma elevadora TAP 500, con función de repaso de bolsas fora dos contedores.
- Camión recolector CT Mitsubishi Faryd minimatic, de 8 m³ de nova adquisición, EURO VI.
- Vehículos de reforzo ou avaría (propiedade de URVASER):
 - Recolector CL ROS ROCA OMB 23 m³ (PO446K).
 - Recolector CT Renault Mascott 150, 15 m³.
 - Portacontedores Renault 320.26 (1934 DBL), con grúa.
 - Furgoneta Renault Kangoo (0149 DNR), control do servizo.
- Lavacontedores carga traseira/lateral Farid 6728HBW, Renault Midlium, 6.000 l.

Á vista do exposto, e coa salvidade reflectida en relación á oferta da empresa SOIL, a puntuación obtida por cada unha das empresas licitadoras neste apartado resúmese no seguinte cadro:

	PUNTOS PREGO	S.C. GALEGO S SLU	SOIL RECOVERY SL	URBASER SA
<i>Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados</i>	5	5	5	5

2.3.- Melloras propostas (máximo 5 puntos)

Só se considerarán melloras aquelas propostas ou condicións do servizo que non se especifiquen no prego técnico ou administrativo como mínimas requiridas. E tal como especifica o prego as valoracións son anuais e sen IVE.

Tales melloras non suporán, en ningún caso, incremento no prezo de adxudicación nin, polo tanto, do contrato. **Se fora o caso o Concello, tomando en consideración as valoracións destas melloras feitas polas empresas licitadoras, poderá dedica-las a outros elementos que se considerasen máis necesarios para mellorar o servizo, tal e como establece o prego de prescricións técnicas no apartado relativo á *proposta de melloras*.**

OFERTA DA EMPRESA SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

A oferta propón como melloras (páx. 58-59) o seguinte:

1. Aportación de contedores:
 - 64 contedores de resto (800 l) o inicio + 5% reposición.
 - 100 contedores de EELL (800 l).
 - 54 contedores de resto (2.400 l) o inicio.
 - 64 contedores de EELL (2.400 l) o inicio.

Valorado: 68.890,65 €

No punto 2.1.1. Dimensionamento da contenerización, a oferta propón a implantación destes contedores pero só ao inicio do contrato; polo tanto esta valoración habería que dividila entre a duración do mesmo, e dicir, catro anos. Valoración por ano sería 17.222,66 €/ano.

2. Aportación de 100 composteiros (320 l)

Valorado: 7.135,00 €

Conforme á oferta, na páxina 42, propónse a adquisición de 100 composteiros o inicio do contrato; polo tanto esta valoración habería que dividila entre a duración do mesmo, e dicir, catro anos. Valoración por ano sería 1.783,75 €/ano.

3. Melloras nas frecuencias:

- Nas parroquias F.resto, aumento 1 d/s en inverno.
- Nas parroquias F.resto aumento de 1 d/s en xullo-agosto.
- Nos núcleos F.EELL aumento de 1 d/s en inverno.
- Nas parroquias F. EELL aumento de 0,5 d/s todo o ano.
- Lavado de contedores aumento de 2 veces mais/ano na F. resto

Valorado: 26.537,92 €

4. Mantemento e conservación de contedores.

Valorado: 3.850,00 €

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

5. Servizo de préstamo de contedores para festas e eventos.

Valorado: 1.250,58 €

6. Plan de emerxencia e reserva.

Valorado: 3.782,44 €

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

7. Implantación da recollida de aceites de uso doméstico, instalaranse 4 contedores de 180 litros.

Valorado: 1.038,93 €

8. Teléfono de atención o veciño.

Valorado: 240,00 €

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

A valoración final tendo en conta o anteriormente descrito é a seguinte:

Melloras (SCG) :	€/ano sen IVE
1.	17.222,66
2.	1.783,75
3.	26.537,92
4.	-
5.	1.250,58
6.	-
7.	1.038,93
8.	-
CUSTE TOTAL:	47.833,84 €

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

A oferta propón:

1. Ubicación extraordinaria de contedores para atender eventos e festas.

Valorado: 800 €

2. Inventario de contedores, mantemento e actualización de base de datos. Realizarase durante os primeiros meses do ano, detallándose os medios humanos e materias para levalo a cabo.

Valorado: 1.500 €

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

3. Implantación dun plan de contratación de criterios referenciais sobre bolsa de emprego do concello de Silleda.

Valorado: 0 €

4. Instalación de 50 soportes de contedores en aceiro inoxidable.

Valorado: 7.500 €

Debido a que na oferta non se especifica se a adquisición destes 50 soportes de inox farase ou non ao inicio do contrato, consideramos que esta valoración, tal como especifica o prego, será anual.

5. Aumento significativo do grado de contenerización de EELL respecto do esixido e mellora de implantación do sistema de recollida selectiva de EELL (reparación de 45 contedores amarelos, transporte e colocación en ubicacións mais idóneas, e recollida e transporte destes novos 45 contedores).

Valorado: 3.150 €

6. Extensión da recollida da CL as zonas limítrofes dos núcleos de Silleda e bandeira.

Valorado: 23.250 €

Non se considera unha mellora dado que o número de contedores instalados pola empresa non aumentan con respecto os definidos no prego técnico.

7. Compra de 90 composteiros individuais.

Valorado: 4.050 €

Consideramos que esta mellora , tal como especifica o prego, se levará a cabo cada ano de duración do contrato.

A valoración final tendo en conta o anteriormente descrito é a seguinte:

<i>Melloras (SOIL) :</i>	<i>€/ano sen IVE</i>
1.	800,00
2.	-
3.	-
4.	7.500,00
5.	3.150,00
6.	-
7.	4.050,00
CUSTE TOTAL: 15.500,00 €	

OFERTA DA EMPRESA URBASER

A oferta propón:

1. Campaña anual de concienciación. Contarán con 2.500 dípticos o ano para charlas nos colexios e centros culturais.

Valoración (IVE non incluído) 950 €/ano

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

2. Baldeo das paradas de contedores no casco urbano. Cuantifican 6 baldeos anuais a solicitude do concello.

Valoración (IVE non incluído) 3.000€/ano

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

3. Suministro de contedores de RSU. Instalación anual de 10 contedores de 800 l.

Valoración (IVE non incluído) 1.300 €/ano

4. Suministro de contedores de envases. Instalación de 10 contedores de 800 l.

Valoración (IVE non incluído) 1.700 €/ano

5. Cesión gratuíta do persoal administrativo. Dedicado a las tarefas propias do contrato e atención o público.

Valoración (IVE non incluído) 5.880 €/ano

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

6. Cesión gratuíta do persoal mecánico. Dedicado a las tarefas propias do contrato, mantemento preventivo e correctivo. Será necesario o equivalente a unha xornadas completa semanal con libre disposición para a súa redistribución na base para as necesidades reais da maquinaria.

Valoración (IVE non incluído) 5.040 €/ano

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

7. Custes derivados da formación continuada do persoal.

Valoración (IVE non incluído) 680 €/ano

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

8. Custes derivados dos recoñecementos médicos do persoal.

Valoración (IVE non incluído) 440 €/ano

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

9. Telefónica gratuíta de atención cidadán.

Valoración (IVE non incluído) 1.176 €/ano

Non se considera unha mellora xa que é parte do servizo licitado.

10. Incremento contenerización das zonas 1b,1c,1d. Compraranse 41 contedores de CL de 2.200-2.400 l o inicio do contrato .

Valoración (IVE non incluído) 8.148,75 €/ano

Tal como a oferta indica, como a compra se realiza ao inicio do contrato a mellora se dividirá entre os catro anos da licitación. Polo tanto a valoración é de 2.037,19 €/ano.

11. Servizo contenerización especial en festas, domingos e festivos, solicitado polo concello. A empresa disporá de un stock de 40 contedores de 800 l.

Valoración (IVE non incluído) 3.725,32 €/ano

12. Recollida e baleirado das zonas 1b, 1c,1d. comprar 41 contedores de CL de 2.200-2.400 l o inicio do contrato.

Valoración (IVE non incluído) 9.503,74 €/ano

13. Incremento lavado de RSU verano/inverno ruta 1a,1b,1c,1d. Incremento de lavados o ano, 24.

Valoración (IVE non incluído) 8.875,25 €/ano

14. Incremento lavado de RSU verano/inverno ruta 2A, 2B, 2C. Incremento de lavados o ano, 4 (40 xornadas)

Valoración (IVE non incluído) 6.000 €/ano

15. Incremento lavado EELL verano/inverno rita E1,E2. Incremento de lavados o ano, 6 (40 xornadas)

Valoración (IVE non incluído) 2.200 €/ano

A valoración final tendo en conta o anteriormente descrito é a seguinte:

Melloras (URBASER) :	€/ano sen IVE
1.	-
2.	-
3.	1.300,00
4.	1.700,00
5.	-
6.	-
7.	-
8.	-
9.	-
10.	2.037,19
11.	3.725,32
12.	9.503,75

Melloras (URBASER) :	€/ano sen IVE
13.	8.875,25
14.	6.000,00
15.	2.200,00
CUSTE TOTAL:	35.341,51 €

Á vista do exposto, a puntuación obtida por cada unha das empresas licitadoras neste apartado resúmese no seguinte cadro:

	PUNTOS PREGO	S.C. GALEGO S SLU	SOIL RECOVERY SL	URBASER SA
Melloras propostas	5	5	1,62	3,69

2.4.- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas (máximo 5 puntos)

OFERTA DA EMPRESA SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

Para o desenvolvemento do servizo a empresa contará cunha nave no Polígono Industrial de Silleda, parcela 4.2., de 1.201 m². Inclúe oficina de atención ao cidadán con 2 horas de apertura ao día de luns a sábado.

A empresa dispón dunha nave no Polígono de Teixeira (Cuntis) con medios a disposición para calquera altercado non programado.

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

A empresa disporá dunha instalación a menos de 30 km do concello de Silleda, na Área Empresarial Área 33 cunha parcela de 700 m² e 533 m² de nave. Terá unha oficina técnica de xestión, punto de atención ao veciño, aparcamento de maquinaria, almacén, vestiarios, etc.

A oficina de atención ao cidadán contará cun teléfono, tamén un correo electrónico. Non especifica horario de apertura das oficinas.

A empresa conta con acordos de reparación con múltiples talleres de reparación e mantemento de vehículos.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

Disporán dunha nave de 1.152 m², con oficinas de 45 m² para atención ao público, na Área 33 do polígono de Silleda. A oficina contará cun administrativo pertencente á Delegación xeral con horario de apertura de 2 horas por día de luns a sábado, o resto do día terá operativo un contestador automático.

A puntuación obtida neste apartado por cada unha das empresas licitadoras resúmese no seguinte cadro:

	PUNTOS PREGO	S.C. GALEGO S SLU	SOIL RECOVERY SL	URBASER SA
<i>Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas</i>	5	5	5	5

2.5.- Programa de motivación social cidadá (máximo 3 puntos)

OFERTA DA EMPRESA SERVIZOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

A oferta proposta pola empresa contempla diferentes elementos:

1. Unha campaña xeral (1 día/ano) cunha carpa informativa onde se ofrecerán folletos, xogos didácticos, talleres manuais e regalos varios. Os medios propostos son 4 monitores cunha duración de 6 horas.
2. Proxección dun vídeo, onde considere o concello, cun monitor e cunha duración de 1,5-2 horas. Unha vez o ano.
3. Campaña específica (1 vez/ano) dirixida a colexios de infantil, primaria e secundaria, cun total de 25 alumnos en tres grupos distintos. Faranse 18 actividades por ano como contar un conto (1 h), coloreando (1h), mural do reciclaxe (1,5 h), taller de reciclaxe de envases (1,5 h), presentación "A importancia do reciclaxe nas nosas vidas" (0,5 h) e un taller de reciclaxe con trapillos (1,5 h).

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

A empresa propón un Plan de educación ambiental específico para o concello de Silleda composto por charlas informativa de 55 minutos dirixidas aos estudantes de infantil, primaria e secundaria, ademais de a outros colectivos, e aos veciños.

Os medios humanos e técnicos dispostos son:

		plan
Técnico educa. Medioambiental	40 h	16 h
vehículo	5,5 l/100 km	16 h
fichas e material didáctico	copias	-

Propoñen xerar un deseño dun personaxe que se asocie ao concello (LOGO específico), instalando o mesmo nos laterais dos camións de recollida.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

Elaboración anual de 2.500 dípticos explicativos para os veciños mediante correo.

Realizarase unha campaña de sensibilización nos colexios e centros culturais solicitados polo concello, de 45 minutos por charla. Non se indica cantas charlas se farán o ano.

Á vista do anterior, a puntuación obtida por cada unha das empresas licitadoras resúmese no seguinte cadro:

	PUNTOS PREGO	S.C. GALEGO S SLU	SOIL RECOVERY SL	URBASER SA
<i>Programa de motivación social cidadá</i>	3	3	3	2

2.6.- Implantación dun sistema de calidade da prestación (máximo 1 puntos)

OFERTA DA EMPRESA SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.(SCG)

A empresa ten implantado un sistema integrado de xestión baseado nas normas ISO 9001 e ISO 14001, dende 1913 e certificado dende 2014.

A proposta para o concello de Silleda é estender o alcance deste sistema integral de xestión ao servizo de recollida do municipio.

OFERTA DA EMPRESA SOIL RECOVERY S.L. (SOIL)

A empresa conta cunha certificación UNE-EN-ISO 9001 dende o ano 2008 de control e mellora continuada dos servizos, e con a norma UNE-EN-ISO 14001, dende 2004. SOIL estenderá estas normas ao servizo de Silleda.

OFERTA DA EMPRESA URBASER

Implantarán un sistema de Xestión de Calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais. Emitirán informes periódicos ao concello. Non especifican cada cuanto tempo emitirán os informes.

A puntuación obtida por cada unha das empresas licitadoras neste apartado resúmese no seguinte cadro:

	PUNTOS PREGO	S.C. GALEGOS SLU	SOIL RECOVERY SL	URBASER SA
<i>Implantación dun sistema de calidade da prestación</i>	1	1	1	1

3.- RESUMO DE PUNTUACIONES

Á vista das diferentes puntuacións obtidas polos licitadores en cada un dos apartados dos pregos, inclúese a continuación a táboa que reflicte o total obtido do sumatorio dos criterios subxectivos que dependen dun xuízo de valor:

	PUNTOS PREGO	SC GALEGOS SLU	SOIL RECOVERY SL	URBASER SA
<i>Planificación da explotación do servizo:</i>	20	11	15	17
<i>Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados</i>	5	5	5	5
<i>Melloras propostas</i>	5	5	1,62	3,69
<i>Instalación fixas e infraestruturas ofertadas</i>	5	5	5	5
<i>Programa de motivación social cidadá</i>	3	3	3	2
<i>Implantación dun sistema de calidade da prestación</i>	1	1	1	1
TOTAL PUNTUACIÓN TÉCNICA	39	30	30,62	33,69

Esta puntuación outorgase coa advertencia cautelar á Mesa de Contratación no sentido de que deberíase solicitar unha ACLARACIÓN á empresa SOIL RECOVERY S.L. ao respecto se os camións ofertados de CT e CL para a recollida de residuos (páxinas 7, 8, 11 e 26 da oferta) son de nova adquisición; de non ser así teríase que excluír a súa oferta da licitación por incumprir o prego técnico.

Pontevedra, 13 de outubro de 2016.

A técnico de Medio Ambiente

da Deputación Provincial de Pontevedra

María Martínez Abraldes

MESA DE CONTRATACIÓN.